

## Limiar

**Xosé Luís Méndez Ferrín**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

MÉNDEZ FERRÍN, XOSÉ LUÍS (2011 [2010]). “Limiar”. En Farruco Sesto Novás, *Pequenos encontros, as marcas deixadas. Obra poética reunida (1967-1995)*. A Coruña: Espiral Maior, 9-14. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1102>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

MÉNDEZ FERRÍN, XOSÉ LUÍS (2010). “Limiar”. En Farruco Sesto Novás, *Pequenos encontros, as marcas deixadas. Obra poética reunida (1967-1995)*. A Coruña: Espiral Maior, 9-14.

\* Edición dispoñíbel desde o 31 de agosto de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## LIMIAR

Xosé Luís Méndez Ferrín

### Farruco *ab ovo*

O grande poeta cuxa obra galega tendes na man é un dos derradeiros utentes do hipocorístico “Farruco”, substituído na actualidade, coma o de “Fuco”, por outros importados de Castela, o que nos sitúa na base das cousas. Tamén el gasta o apelido Novás coa acentuación correcta que outros mudaron, por fineza, en Novas. Farruco Sesto Novás ou a lealdade ás orixes nacionais e populares. É el coma esas plantas tropicais ás que lles miramos a raíces aboindo no ar nos vellos zaguáns tinerfeños e supoño que tamén venezolanos. A raíz galega de Farruco é longa, si, e aérea, alén de inconsútil. Raíz na que se incorporan os nobres ancestros do seu sangue. É neto de Don Juan Novás, o bon inspector de ensino primario que serviu, en Pontevedra, de nexo entre a vella sociedade arqueolóxica de Casto Sampedro e o Museo ideado por Filgueira Valverde (daquela ao pé de Castelao). Hai quen sostén que Farruco é familia arredada de Lino Novás Calvo, o magnífico contista cubano natío das Grañas do Sor –Mañón– que terminou mal revirado contra o Partido. Ademais diso, Farruco é fillo dun home admirado e respectado por este prologuista, Xosé Sesto. Foi galeguista de primeira hora e acompañou a Alexandre Bóveda nas derradeiras horas en que a vítima estivo con vida na prisión habilitada na Normal de Tixelos de Pontevedra, lugar para sempre horrendo na nosa acordanza. Xosé Sesto, poeta non sempre ben recoñecido. Os debuxos de Xosé Sesto contribuíron a educar o gusto deste prologuista na súa infancia, sempre en *Faro de Vigo* e tamén na [10] primeira Galaxia. Irmán de Farruco é, entre outros, meu amigo e coevo Xosé Ignacio, escritor galego (moito secreto), home de esquerda, nacionalista e grande pintor (tamén abondo oculto). Non sei se meter a Celso Emilio Ferreiro nas raiceiras aéreas de Farruco Sesto Novás pola relación que o noso autor tivo con el en Caracas, cuarta transversal de Maripérez, onde residiu, loitou e penou o de Celanova. De tan boa xente, e doutra igualmente boa aínda que non fose literata, veu o Farruco Sesto Novás poeta galego e outros Farruco que con el cohabitan.

Sendo el rapaz, os pais de Farruco establecéronse nunha Venezuela corrupta e cruel, que o poeta amou no infortunio e axudou a facer libre ou que diga ceibe no camiño do socialrealismo. O poeta, non obstante, sempre volve a Galicia. Nunca Galicia lle marchou ou lle estiñou na alma, aínda que a distancia determinase que as súas raiceiras se fixesen aéreas. E nesa Galicia está Vigo, a cidade de nacemento. Moi precisamente vive en Farruco a freguesía labrega, mariñeira e obreira de Coruxo.

## O seu modo político

Vénme á memoria, de xeito automático, o axioma maoísta: un divídese en dous. Farruco Sesto Novás vive a política na súa dimensión revolucionaria. *Le monde va changer de base*, reza a letra da Internacional que escribira Pottier durante a Comuna de París. Transformar o mundo, como dita Marx. Pero para el a revolución é inseparábel do sentimento de patria. Farruco sente a patria como dúas patrias: Galicia e Venezuela, ambas inseridas fundamente na árbore da vida e nas multitudes internacionalistas. A viaxe política de Farruco (da primeira UPG ao bolivarismo) é un exercicio intelixente e sacrificado de servizo á patria e á causa R, ou sexa revolucionaria. Por iso o sentimos, moitos de nós, tan achegado, tan noso. E volve aparecer Mao Tse Tung, e [11] pónsenos: “Os comunistas, que son internacionalistas, poden ser ao mesmo tempo patriotas? Nós pensamos que non só poden senón que tamén deben selo. As condicións históricas son as que determinan o contido concreto do patriotismo”. Eis a razón última do modo político de Farruco Sesto Novás.

## O intelectual completo

Coma nas maiores pedras preciosas, o valor de Farruco amósase en moitas caras nas que esplende unha única e vera luz. Galego e venezolano (latinoamericano) de instalación profunda, Farruco Sesto Novás, neste tempo de especialización para a manipulación dos suxeitos, é un intelectual completo e entregue á práctica teórica, artística e política. Dotado de pensamento robusto, el é unha viva contradición da levidade, da deconstrución e da demolición das xerarquías éticas e racionais que propuxera a ferocidade do posmodernismo felizmente defunto xa. Farruco está na acción, na filosofía, na arte (ou nas artes). É importante arquitecto e profesor de arquitectos. Como poeta, emite en varios rexistros para os cales, por veces, usa do recurso aos heterónimos. Poeta tamén en castelán, a súa obra galega ten características propias. Eu coido que hai temas e modulacións que Farruco Sesto Novás só podía producir no idioma primordial de Coruxo e da biblioteca e memoria paternas, ou sexa no idioma da perda do que el nunca perdeu. Cando escribe *airo* en lugar de *aire* ou *ar* estanos a avisar.

## Poeta noso pleno

A primeira entrega de poemas galegos de Farruco Sesto Novás foi un libriño impreso (1967) a ciclostilo. Titúlase *Da estrela e da fouce* nunha desafiante homenaxe ao emblema do [12] nacionalismo galego proposto polo Castelao frentepopulista e veciño de Luís Soto en guerra. Fíxéronse da publicación uns centos de exemplares que foron distribuídos gratuitamente por correo seguindo as canles e métodos de espallamento usados para *Terra e Tempo*, órgano central da UPG. O poemario era cálido, íntimo ao mesmo tempo que comunitario. Formulábase nunha lingua ricaz na que brillaban os caros idiolectalismos empregados nos círculos e familias galeguistas e democráticas de eiquí e do exilio. Á *Da estrela e da fouce* aplicámoslle a parábola do sementador para dicermos que uns exemplares caíron na pedra, outros entre toxo arnal e que, algúns poucos, foron dar na terra boa e estes devolveron cento por un. En intres nos que o falso (e pobre) realismo social de es-

tirpe coloquialista española facía estragos na poesía de Galicia, *Da estrela e da fouce* constituía unha alternativa. Máximo grao de nacionalismo e de esquerda, e novidade literaria insólita naquel intre de vulgaridade.

E coa mesma, por aqueles anos, Farruco Sesto entra en contacto, en Caracas, co mozo Xulio Formoso, procedente de Bouzas, e ambos fundan aló a máis descoñecida, pero a máis forte e orixinal das tendencias da nova canción galega de carácter crítico. Pasados os anos, aínda hoxe canta Pilocho, coa música de Formoso e a letra de Farruco, este que foi un himno revolucionario e noso:

“Negro nacín no fosco Sul./Son un tribeño do Viet Nam./  
Estudo leis en París./Chámome cholo peruán./Galego son da  
beiramar./Poñerei fogo a Jacksonville./Os invasores morre-  
rán./ As barricadas son o meu./Na serra cántame a mañá./En  
Santiago hei de cantar”.

A Celso Emilio e a min, un día de 1968, precisamente en Maripérez, Caracas, conmo-  
veunos esta cantiga na que sentiamos [13] vibrar a sensibilidade dunha nova xeración ga-  
lega que quizais estivese a nos conducir á vitoria.

O libro *UPGpoemas* (1973) foi distribuído e editado de modo semellante por Farruco, amparado polo pseudónimo de Bárbaro Tomé (soa un mundo de ben). Daquela incremen-  
touse o interese por este poeta un tanto misterioso que irrompía na nosa sociedade literaria e que modificaba as tendencias abrindo novas vías e posibilidades á poesía. Ficou así con-  
solidado Farruco Sesto Novás, naturalmente en círculos non moi dilatados pero metálicos, como un cumio da nova poesía. Na realidade, algúns pensamos daquela que Farruco era a nova poesía galega: aquela que se esperaba despois de Celso Emilio, despois de Seoane, despois de Novoneyra (poñamos por casos).

Continuou Farruco escribindo e fabricando libros que se distribuían a modo de panfleto. Foron ben recibidos, aínda que un suscitou o equívoco. Estoume a referir a *Por unha mu-  
ller* (1976), que algunha crítica considerou poesía amorosa aínda que no seu sentido pro-  
fundo estivese a simbolizar con forza o desexo de Revolución. Segue Farruco escribindo e no seu fluír poderoso destaca, nas portas do século XXI, un texto conmovedor e de alto empaque formal, que é aquel que se ordena so o signo de *Isolda*.

Farruco Sesto Novás é un poeta admirado e seguindo na patria de orixe, o mesmo que a sociedade ben informada coñece e valora a súa obra arquitectónica e a súa achega fun-  
damental teórica e práctica, á esquerda política e á liberación social de Venezuela. Resulta-  
taba, con todo, moi necesario reunir a obra poética completa en galego de Farruco Sesto  
Novás nun só volume, e editala e distribuila en Galicia dentro das canles da normalidade  
ás que tal obra non se someteu inicialmente. Era preciso ver *todo Farruco* nun libro e,  
dentro del, cada poema en diálogo cos outros seus poemas, de forma que o lector poida  
[14] sentir o conxunto coma o poderoso e unitario corpus que é. Agora podemos ver a  
Farruco Sesto Novás así, en toda a súa grandeza e plenitude, nesta oportuna edición pre-  
parada por Yolanda Castaño, alta poeta nosa en función de filóloga dilixente.